

## Actuacións

Margal Ulla ten deseñadas unha serie de accións, tanto específicas para cada especie como comúns para ambas as dúas, que se levarán a cabo ao longo de todo o proxecto (2010-2015). Iniciarase cunha serie de actuacións preparatorias para implementar a continuación actuacións de conservación que melloren o hábitat de *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pyrenaicus*. Ao tratarse dun proxecto LIFE+ de carácter demostrativo contempla tamén accións de información, sensibilización e divulgación dos seus resultados.

Destácanse aquí aquelas accións que terán unha maior relevancia e ás cales se irá engadindo nova información segundo avance o proxecto:

### A. Accións preparatorias:

- A.3: Estudo de viabilidade técnica, ambiental e económica que poida supoñer a demolición/modificación dos obstáculos propostos.
- A.4: Inventario detallado das poboacións de *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pyrenaicus* na cunca do río Ulla e caracterización do seu hábitat.
- A.5: Definición de Unidades de Xestión para *M. margaritifera* e selección de reprodutores para o plan piloto de conservación ex situ.
- A.6: Estudo do uso do espacio e da recuperación da conectividade das poboacións de *Galemys pyrenaicus* na cunca do Ulla.
- A.7: Inventario detallado e caracterización dos focos de contaminación por partículas en suspensión, xurros, augas residuais domésticas e residuos sólidos, así como das zonas de ribeira degradada na zona de actuación.
- A.8: Definición de zonas nas áreas potenciais para aplicar bandas tampón para a protección dos leitos fluviais
- A.9: Presentación do proxecto ante as partes interesadas.

### C. Accións concretas de conservación

Para a conservación e mellora do hábitat

- C.1: Mellora da conectividade das poboacións de ambas especies.
- C.2: Recuperación da dinámica fluvial e adecuación das zonas de cría de *M. margaritifera* a través do aproveitamento de construcións tradicionais, canles de muíños, zonas naturais, etc.
- C.3: Restauración ambiental das marxes de ribeira e bosque ripario, alí onde se atopen degradadas e aplicación de bandas tampón da contaminación nas marxes dos ríos.
- C.4: Reintrodución e reforzamento das poboacións de *M. margaritifera* na cunca do río Ulla.
- C.5: Implantación de boas prácticas agrarias enfocadas á mellora da calidade do hábitat das especies obxecto
- C.6: Establecemento de directrices para a xestión dos cursos na cunca (permisos de corta, captacións, pesca fluvial...).

### D. Accións concretas de divulgación

- D.1: Educación ambiental con agricultores e gandeiros
- D.2: Elaboración dun vídeo documental de seguimento das actuacións do proxecto
- D.3: Seminario de lanzamento do proxecto
- D5: Publicación final do proxecto
- D7: Seminario internacional de peche

### E. Accións de concienciación pública e divulgación de resultados

- E.4: Grupo de traballo de partes interesadas
- E.6: Plan de seguimento e vixilancia ambiental
- E8.: Rede de traballo con outros proxectos
- E9: Plan de conservación posterior a LIFE+

